

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

DATA: 12 DE MAIO DE 2020

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

CURSO: GRUPO DOCENTE DO 1º NIVEL ( A,B,C)

MATERIA: MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS NATURAIS,  
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, LINGUA GALEGA E  
LITERATURA, VALORES CÍVICOS E SOCIAIS E PLÁSTICA.

DATA: 8 DE MAIO DO 2020

## 1-MATEMÁTICAS

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindible.</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe	MT1.3.1.-Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados	MT2.1.1.-Le, escribe e ordena números ata o 99. MTB2.1.2.-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MT2.2.2.-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99 MT2.2.3.-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problema	MT2.3.1.-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados MTB2.3.2.-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.3.-Emprega procedementos diversos na realización de cálculos básicos
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos	MT2.4.1.-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados
B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria	MTB3.4.1.-Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día, semana e ano. MTB3.4.2.-Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares	MTB4.1.1.-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo, utilizando os conceptos de esquerda/dereita, diante/detrás, arriba/abaixo, preto/lonxe e próximo/afastado MTB4.1.2.-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia, utilizando os conceptos de esquerda/dereita, diante/detrás, arriba/abaixo, preto/lonxe e próximo/afastado

## **2- CIENCIAS SOCIAIS**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos	CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima	CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima
B2.6. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.
B2.7. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.
B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuindo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia
B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.  CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os	CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos,

clasifica segundo a súa función e uso.	funcións e características.
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc

### **3- CIENCIAS NATURAIS**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.  CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.  CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.  CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.  CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.  CNB3.1.3. Avisa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.

#### **4- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias. LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba ....
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
B5.3. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.	LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.

## **5- LINGUA GALEGA E LITERATURA**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

## **6- VALORES CÍVICOS E SOCIAIS**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.  VSCB1.1.2. Expresa oralmente a súa autodescripción.  VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.
B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións. VSCB1.2.2. Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións VSCB1.2.3. Dramatiza diferentes estados de ánimo.
B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal. VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.	VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais. VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.
B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras. VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
B3.3. Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.



uso responsable dos materiais escolares.	VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.

## **7- PLÁSTICA**

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas. EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos. EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana. EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.
B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.	EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas
B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.	EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.
B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.	EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.

## 8- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos de avaliación: Os procedementos de avaliación ao estar limitados polo ensino non presencial serán todo o variado e obxectivos que se poda para facilitar a información ao profesorado do grao de desenvolvemento alcanzado nas distintas competencias.</p> <p>Cos elementos tecnolóxicos dos que se dispoñen faráse un seguimento das tarefas, tempo empregado e motivación do alumnado.</p> <p>Detectaránse as necesidades de conectividade e dispoñibilidade de dispositivos. Faráse un seguimento do grao de participación das tarefas, interese e esforzo por parte das familias e cualificación de produtos finais. Prestaráse especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Rexistros de entrevistas coas familias.</li><li>- Rexistros de conectividade e dispositivos dispoñibles.</li><li>- Solicitud de produtos finais.</li><li>- Entrevistas co alumnado.</li><li>- Avaliación das tarefas dos nenos e nenas e análise de vídeos do alumnado por videochamadas, videoconferencias ou correo electrónico enviada polas familias.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Cualificación final de curso: A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p>

## 9- METODOLOXÍA

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>☑ Establecemento dun horario e rutinas diario.</li><li>☑ Realización de actividades globalizadas e interdisciplinares.</li><li>☑ Dinamización de actividades con retos.</li><li>☑ Clases online con videos ou videochamadas.</li><li>☑ Vídeos e actividades interactivas online.</li><li>☑ Actividades de fichas imprimibles.</li><li>☑ Actividades do libro de Anaya e Santillana e cuadernillos.</li></ul>

	Actividades de reforzo e ampliación .Actividades de mellora das competencias.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p><b>Alumnado con conectividade:</b> <u>Metoloxía baseada na aprendizaxe online, descarga de arquivos e seguimento telefónico, mediante plataformas (páxina web do centro) e aplicacións. Realización de actividades variadas imprimibles que favorezan a súa autonomía, autoaprendizaxe e autoavaliación. Actividades lúdicas e manipulativas. Cando se poida aplicar feedbacks inmediatos e seguimento por parte dun adulto. Asesoramento ás familias. Avaliación e seguimento diagnóstico de producións.</u></p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b>  <u>Proposta de actividades xenéricas e dunha rutina de traballo diaria. Realización de actividades variadas imprimibles que favorezan a súa autonomía, autoaprendizaxe e autoavaliación. Actividades lúdicas e manipulativas. Cando se poida aplicar feedbacks inmediatos e seguimento por parte dun adulto.</u>  <u>Asesoramento ás familias. Coordinación cos servizos de reparto de fotocopias do concello.</u>  <u>Comunicacións a través de abalar móbil, correo electrónico e comunicación telefónica coas familias.</u></p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Material didáctico de Santillana e Anaya.</u></li> <li>- <u>Fichas de repaso e reforzo imprimibles.</u></li> <li>- <u>Vídeos e actividades interactivas online.</u></li> <li>- <u>Materiais de páxinas web diversas (Orientación Andújar, recursos de abalar, Biblioteca Edilim)</u></li> <li>- <u>Recursos materiais: Material funxible, Ordenador, smarthphone e impresora.</u></li> </ul> <p><u>As actividades está colgadas na web do colexio, sendo renovadas cada certo tempo para traballar todos os contidos e competencias traballadas no 1º e 2º trimestre</u></p>

## 10- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información e publicidade	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A información chega as familias a través de abalar móbil ,correo electrónico ou chamadas telefónicas.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS  
DATA:02/05/2020

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade / edad (contos, rimas infantis, adiviñas) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breve e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B2.1. Falar de si mesmo e de outras persoas do seu entorno, de lugares e de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou usando conectores básicos ( and / or) .	PLEB2.1. Fai presentación moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das y das demais (dicir o seu nome e idade , a cor dos seus ollos e pelo presentar a súa familia, indicar as súas preferencias) con unha pronuncia e entoación comprensible.
B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, mostrando unha entoación e pronuncia axeitada.	PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados oralmente con entoación e pronuncia comprensible.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente cando fala, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: análise das producións orais e escritas.
	Instrumentos: <b>lista de control</b> (registro da participación e entrega das tarefas asignadas); <b>escala estimativa</b> (dos estándares de aprendizaxe esenciais).
<b>Cualificación final</b>	Partirase da nota da 2ª avaliación, xa que se trata dunha avaliación continua e sumativa. Valorarase a posibilidade de subir 1 punto como máximo a cualificación da 3ª avaliación se o alumno participou activamente e de xeito satisfactorio durante o 3º trimestre. Non se penalizará en ningún caso a aqueles alumnos sen acceso a rede, ou que por outras circunstancias, non puideran participar e realizar as tarefas con éxito.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Escoita e comprensión de vídeos, historias e cancións (TPR, karaoke ou produción das letras); elaboración de fichas físicas e on-line; xogos de palabras e vocabulario orais ou online; elaboración de producións orais mediante vídeos curtos ou gravacións de voz; esquemas e debuxos para representar conceptos, etc</p> <p>Estas actividades estarán baseadas en conceptos previamente traballados na aula, como método de repaso, reforzo e ampliación dos mesmos.</p> <p>A comunicación coas familias de alumnos con dificultades, tratará de ser fluída e daráselle instrucións personalizadas para o desenvolvemento das actividades e traballo individual dos alumnos que o requiran. Modificaranse actividades en forma e contido no caso de ser necesario para aqueles alumnos que precisan reforzo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Actividades interactivas, lúdicas e online para aqueles alumnos con conectividade á rede. Poñendo por enriba a aprendizaxe competencial, sobre os contidos e as habilidades orais sobre as escritas. Tratarase de poñer a linguaxe en contexto para obter unha aprendizaxe significativa.</p> <p>O alumnado sen conectividade, adaptaráselle o traballo en forma e contidos ás súas circunstancias que, inevitablemente, estará máis enfocado ás habilidades escritas.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Precisarase un ordenador, tablet ou smart-phone para acceder á rede (Youtube, páxinas web didácticas, blogs, aula virtual ou páxina web do colexio). A impresora será necesaria no caso da elaboración de fichas físicas aínda que se poden tamén copiar en papel, se é o caso. Caderno e papel para as producións escritas e un teléfono móbil para gravar as producións orais dos rapaces ou enviar fotografías dos traballos realizados.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico persoal e mensaxería telefónica en casos especiais que o requiran. Videoconferencias polo servizo ofrecido pola Xunta de Educación "Cisco Webex Meetings". Comunicación e coordinación cos titores de nivel para obter información das familias do alumnado.
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro e envío das tarefas mediante os servizos do concello para aquelas familias que o soliciten.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 1º ED. PRIMARIA  
MATERIA: Ed. MUSICAL  
DATA: 06/05/2020



<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
A maioría dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da área de Ed. Musical vanse traballando ao longo do curso, polo que aínda que no terceiro trimestre quedaron actividades sen realizar, a incidencia destas só afecta en aspectos moi puntuais:	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>B1. ESCOITA:</b>	
Escoitar e recoñecer sons e calidades dos sons.	Recoñece e discrimina sons da natureza e de instrumentos de pequena percusión.
Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	Respecta e escoita as audicións e as intervencións doutras persoas. Coñece os roles de intérprete e público.
Comunicar as impresións sentidas na audición ou interpretacións.	Comunica aspectos e sentimentos sobre a música.
Identificar elementos musicais.	Utiliza a notación non convencional. Coñece a negra e o silencio de negra.
<b>B.2: INTERPRETACIÓN MUSICAL:</b>	
Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos.	Manipula correctamente os instrumentos. Combina sons vogais e instrumentais.
Interpretar cancións sinxelas exercitando a vocalización e a pronuncia.	Interpreta cancións en grupo. Esfórzase nunha correcta dicción.
Reproducir esquemas rítmicos e melódicos coa voz, os instrumentos e patróns de movemento.	Le ritmos e melodías sinxelas.
<b>B.3 A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA</b>	
Realizar pequenas coreografías.	Realiza pequenas coreografías en grupo. Interactúa axeitadamente.
Coñecer e valorar o movemento e a expresión do corpo.	Usa o corpo para a expresión. É capaz de coordinar os movementos.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>A avaliación da terceira avaliación terá en conta o rendemento do alumnado ao longo dos dous primeiros trimestres e se é posible, contarase positivamente a participación e realización de actividades propostas durante o terceiro trimestre, sempre e cando se realicen axeitadamente.</p>
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Os empregados nas dúas avaliacións anteriores: A observación directa individual, en pequeno grupo e en gran grupo. A realización de actividades escritas. Para engadir na terceira avaliación: A participación nas actividades previstas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A media de todas as notas rexistradas durante a 1ª e 2ª avaliacións. En caso de existir rexistro de participación nas actividades propostas na 3ª avaliación, contarase beneficiando ao alumnado.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Actividade interactiva sobre - As cualidades do timbre. - A escritura non convencional.</p> <p>Audición "Soy Superman" para - escoita activa. - Expresión de sentimentos co corpo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Publicación das actividades a través da páxina web da escola. Isto implica non ter acceso a se as realizan e o como.</p> <p>Se o curso ve posible o uso da aula virtual, publicación dalgún vídeo explicativo, participación no foro de comentarios, realización dalgún cuestionario sinxelo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Jclíc. Vídeo coa audición e mostra de expresión de sentimentos e ideas co corpo. Aula virtual, se o equipo de curso o propón.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A través das titorías e páxina web da escola e a Aula Virtual (no caso do seu uso).</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019 – 2020**

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

**CURSO: PRIMEIRO EDUCACIÓN PRIMARIA**

**MATERIA: RELIXIÓN**

**PROFESORAS: MARÍA JOSÉ LAGO PETISCO**

**HILDA RAMOS VÁZQUEZ**

# **CURSO PRIMEIRO**

## **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

### **Criterios de avaliación:**

- Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.
- Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.
- Recoñecer e estimar que Xesús faise hombre nunha familia.
- Coñecer os principais momentos da morte e resurrección de Xesús.

### **Estándares de aprendizaxe:**

- Coñece e respecta a obra de Deus.
- Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
- Valora e respecta a familia de Xesús.
- Nomea e secuencia representacións gráficas da morte e resurrección de Xesús.

## **2. Avaliación e cualificación.**

### **Avaliación**

Procedementos: Observación, probas escritas e traballos individuais.

Instrumentos: Cuestionarios, análise das producións do alumnado.

### **Cualificación final**

***Indicar o procedemento para obter a cualificación final do curso.***

Partirase das notas da primeira e segunda avaliación. Valorarase sempre positivamente o traballo e a implicación do alumnado nas tarefas.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso ampliación).**

#### **Actividades**

Serán fundamentalmente de repaso, consolidación e reforzo, intentando potenciar a creatividade e orixinalidade dos nenos.

- A creación como un acto do amor de Deus.
- A figura de Xesús e a súa familia.
- A Virxe María
- As festas cristiás máis importantes.

#### **Metodoloxía (alumno con conectividade e sen conectividade)**

Utilización da páxina web do colexio para colgar as tarefas. Comunicación a través das videoconferencias, do correo electrónico e tamén **dos titores**.

#### **Materiais e recursos**

Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación. Fichas de elaboración propia por parte das profesoras de relixión.

Dispositivos electrónicos (ordenadores, tablets, teléfono)

## **4. Información e publicidade.**

### **Información ao alumnado e ás familias.**

Información a través da páxina web do colexio, correo electrónico, videoconferencias e comunicación a través dos titores.

### **Publicidade**

Publicación na páxina web do colexio.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## ÍNDICE

- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- Metodoloxía e Actividades do terceiro trimestre
- Avaliación e Calificación
- Información e publicidade.

***Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.***



**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**  
**CURSO: 2º de Educación Primaria**  
**MATERIA: LENGUA CASTELLANA**  
**DATA: 12/05/2020**

## LINGUA CASTELÁ

### ***Bloque 1: Comunicación Oral.***

#### Criterios de avaliación

- Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.
- Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
- Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.
- Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses

#### Estándares de aprendizaxe

- Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
- Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes..Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
- Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa:
- cartas, anuncios, regulamentos, folletos....

### ***Bloque 2. Comunicación escrita. Ler***

#### Criterios de avaliación

- Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.
- Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.

#### Estándares de aprendizaxe

- Le textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
- Identifica o tema dun texto sinxelo.
- Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
- Identifica o tema dun texto sinxelo.
- Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.

### ***Bloque 3 Comunicación escrita. Escribir***

#### Criterios de avaliación

- Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.
- Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
- Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiado para presentar as súas producións.

#### Estándares de aprendizaxe

- Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...
- Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.

- Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.
- Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escri

#### ***Bloque 4: Coñecemento da lingua***

##### Criterios de avaliación

- Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
- Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz
- Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.

##### Estándares de aprendizaxe

- Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.
- Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
- Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
- Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
- Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
- Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.

#### ***Bloque 5 Educación literaria***

##### Criterios de avaliación

- Valorar textos como fonte de lecer e información.
- Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.

- Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
- Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

### Estándares de aprendizaxe

- Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.
- Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.
- Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

## **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES**

**No terceiro trimestre** a nosa metodoloxía adaptouse á nova circunstancia. Para elo facilitamos ás familias o libro dixital que a editorial Santillana ofreceunos en aberto para as familias e elaboramos para este tempo de confinamento unha serie de variadas ACTIVIDADES a modo de fichas de repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación da área de lingua castelá. Achegamos os materiais ás familias a través da páxina web do centro e da utilización do blogue de aula para facilitar recursos, enlaces, vídeos explicativos e todas cantas ferramentas dixitais son posibles para o reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación do curso.

Cada mestra empregou o medio tecnolóxico mais axeitado para comunicarse coas familias e para levar a cabo o seguimento e rexistro das actividades mencionadas anteriormente e a súa evolución.

Informamos ás familias da necesidade de levar a cabo unha rutina diaria similar á da escola presencial e estivemos na procura da **lectura diaria** e a **súa comprensión** a través das mesmas fichas de lecturas levadas ao cabo durante o curso.

Namentres non chegaron instrucións desta Consellería de Educación, fomos avanzando na programación.

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

**CURSO: 2º de Educación Primaria**

**MATERIA: LINGUA GALEGA**

**DATA: 12/05/2020**

## LINGUA GALEGA

### *Lingua galega e literatura*

#### **Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar**

##### Criterios de avaliación

- Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
- Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.
- Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.
- Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.
- Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

##### Estándares de aprendizaxe

- Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
- Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- Participa no traballo en grupo.
- Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
- Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
- Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...

## **Bloque 2. Comunicación escrita: ler**

### Criterios de avaliación

- Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.
- Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións
- Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.
- Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
- Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

### Estándares de aprendizaxe

- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
- Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas
- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións
- Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
- Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
- Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias
- Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.

## **Bloque 3. Comunicación escrita: escribir**

### Criterios de avaliación

- Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.

- Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
- Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.
- Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

#### Estándares de aprendizaxe

- Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
- Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación
- Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
- Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
- Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

### **Bloque 4. Coñecemento da lingua**

#### Criterios de avaliación

- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.
- Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura
- Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.

#### Estándares de aprendizaxe

- Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.

- Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas
- Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- Recoñece a relación entre son e grafía
- Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.

## **Bloque 5. Educación literaria**

### Criterios de avaliación

- Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.
- Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
- Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

### Estándares de aprendizaxe

- Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
- Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
- Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

## **METODOLOXÍA e ACTIVIDADES**

**No terceiro trimestre** a nosa metodoloxía adaptouse á nova circunstancia. Para elo facilitamos ás familias o libro dixital que a editorial Anaya ofreceunos en aberto para as familias e elaboramos para este tempo de confinamento unha serie de variadas ACTIVIDADES a modo de fichas de repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación da área de lingua galega.



Mantemos a celebración da semana das Letras Galegas empregando esta celebración para reforzar a lingua galega na comprensión e na expresión escrita a través dos traballos elaborados polo Seminario de Galán.

Achegamos os materiais ás familias a través da páxina web do centro e da utilización do blogue de aula para facilitar recursos, enlaces, vídeos explicativos e todas cantas ferramentas dixitais son posibles para o reforzo, repaso, e nos seu caso, ampliación do curso.

O emprego do galego de forma oral por parte do alumnado é un dos obxectivos prioritarios para este grupo, aínda que debido ao confinamento queda neste último trimestre incompleto debido a que pola idade que teñen é moi complicado manter conversas con eles.

Para o traballo de lectura en galego contamos coa nosa estratexia máis valiosa. ***Presentamos moitos contos en galego que son ofertados por cantidade de bibliotecas e portais educativos a través das redes e que descargaron para avanzar na lingua galega.***

Asemade dende a Biblioteca escolar, acollida ao PLAMBE, como proxecto documental integrado se facilitaron ás familias moitas actividades para avanzar, reforzar e repasar na aprendizaxe da lingua galega.

Cada mestra empregou o medio tecnolóxico mais axeitado para comunicarse coas familias e para levar a cabo o seguimento e rexistro das actividades mencionadas anteriormente e a súa evolución.

Informamos ás familias da necesidade de levar a cabo unha rutina diaria similar á da escola presencial e estivemos na procura da ***lectura diaria*** e a ***súa comprensión*** a través das fichas de lecturas levadas ao cabo durante o curso.

Namentres non chegaron instrucións desta Consellería de Educación, fomos avanzando na programación.

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**  
**CURSO: 2º de Educación Primaria**  
**MATERIA: MATEMÁTICAS**  
**DATA: 12/05/2020**

### **AREA DE MATEMÁTICAS**

#### ***Bloque 1. Proceso, métodos e actitudes en matemáticas.***

##### Criterios de avaliación

- Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.

##### Estándares de aprendizaxe

- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.

#### ***Bloque 2. Números***

##### Criterios de avaliación

- Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá
- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## Estándares de aprendizaxe

- Le, escribe e ordena números ata o 999.
- Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais
- Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
- Utiliza os números ordinais en contextos reais.
- Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.
- Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Identifica os números pares e os impares
- Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados
- Resolve operacións con cálculo mental.

### ***Bloque 3. Medida***

#### Criterios de avaliación

- Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	4.3. Elabora un borrador previo e revisa o texto ao final. 4.4. Utiliza elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, seguindo un modelo. 4.5. Fai uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.
4.3. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	4.6. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información escrita.
4.4. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	4.7. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: pon títulos, subliña, evita riscos, inclinación de liñas, etc. 4.8. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. 4.9. Asocia grafía, pronuncia e significado a partir de modelos. 4.10. Coñece algunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>	
5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	5.1. Identifica costumes da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
5.2. Amonar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	5.2. Amona interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.



5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	5.3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas (repite, canta, interactúa coa mestra e cos compañeiros), respectando as ideas dos demais e contribuíndo ao traballo en grupo.
5.4. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas.	5.4. Participa en interaccións sociais breves: saúda, agradece, despídese, solicita axuda..., seguindo as normas de cortesía.
5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	5.5. Da información, formula preguntas e respostas en presente sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, aparencia física, nacionalidade, gustos e afeccións, ...
5.6. Expresar noções básicas relativas a accións cotiás, de lecer..., en tempo presente.	5.6. Expresa en presente as súas rutinas diarias básicas referidas a accións cotiás e de lecer, formula preguntas e ofrece respostas curtas. 5.7. Describe accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.	5.8. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas. 5.9. Fai preguntas e respostas sobre a existencia de algo. 5.10. Expresa a cantidade: conta desde 1 a 1000 e establece a orde ata o 31.
5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.	5.11. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, vestimenta, gustos, afeccións... de si mesmo e doutra persoa, expresando as súas preferencias e habilidades.
5.9. Expresar e comprender indicacións e ordes.	5.12. Expresa e comprende as indicacións para realizar unha actividade, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	5.13. Formula preguntas en presente e ofrece respostas sobre o aspecto físico, gustos, afeccións, habilidades e preferencias. 5.14. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
5.11. Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores ( <i>and, or, then but</i> ), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.	5.15. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos: <i>and – or – then - but</i> .

<p>5.12. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p>	<p>5.16. Usa adecuadamente as estruturas gramáticas básicas e os modelos de frases traballados na aula.</p>
<p>5.13. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</p>	<p>5.17. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.</p>
<p>5.14. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</p>	<p>5.18. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente: cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata o 31, preposicións, días da semana, meses e estacións do ano, roupa, materiais e asignaturas escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, deportes, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais, lugares da cidade, medios de transporte, comida, tempo atmosférico, accións, animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, festividade e tradicións.</p>
<p>5.15. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).</p>	<p>5.19. Valora as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, comparándoas entre si.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento regular da evolución do alumno: actitude ante a aprendizaxe, participación, dúbidas e dificultades atopadas.</li> <li>- Análise das producións orais e escritas: traballos realizados e enviados para a súa corrección, libro de lectura, proxectos de fin de unidade, gravacións de audio e/ou vídeo.</li> <li>- <u>Autoavaliación</u>: actividades online interactivas no espazo EVA que contan coa posibilidade de autoavaliarse.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lista de control: rexistro da participación e entrega das tarefas asignadas.</li> <li>- Revisión e corrección das tarefas enviadas.</li> <li>- Autoavaliación nos distintos exercicios de NETEX do espazo EVA e das fichas interactivas online (Interactive worksheets).</li> <li>- Rúbricas: dos estándares de aprendizaxe esenciais</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Se o alumno/a tivo acceso á educación telemática na 3ª avaliación e participou de xeito regular e activo: farase a media da 1ª e 2ª avaliacións, puidendo subila ata un máximo de 1 punto.</li> <li>- Se o alumno/a tivo acceso á educación telemática na 3ª avaliación pero non participou de xeito regular e activo: farase a media da 1ª e 2ª avaliacións, redondeándoa do xeito habitual.</li> <li>- No caso de non ter participado por dificultades de acceso ou outros problemas personais: non se penalizará ao alumno, mantendo a nota da segunda avaliación, ao tratarse dunha avaliación continua.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Respectaranse os criterios de avaliación esenciais recollidos no apartado correspondente.</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respectarase a cualificación da 2ª avaliación no caso de non ter superada a primeira e a segunda e non ter participado activamente na 3ª avaliación.</li> <li>- No caso de non ter superada as anteriores, pero ter participado de xeito activo na terceira, valorarase unha cualificación positiva na 3ª avaliación (esta decisión tomarase en conxunto cos titores/as).</li> <li>- Elaborarase unha estratexia de apoio e recuperación da materia para o vindeiro curso, no caso daqueles rapaces que promocionen coa materia suspensa.</li> </ul> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Utilizaranse os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación, tendo en conta as circunstancias e dificultades de cada alumno (acceso á rede, medios tecnolóxicos, axuda prestada pola familia, ...). Nunca se penalizará a ningún rapaz polas dificultades para levar a cabo satisfactoriamente este proceso de educación a distancia”.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades da editorial NETEX da plataforma EVA e-Dixgal.</li> <li>- Actividades online interactivas: <i>grammar and vocabulary, listening, reading comprehension, writing</i>.</li> <li>- Actividades de <i>listening</i>: escoita e comprensión de audios, vídeos, historias e cancións.</li> <li>- Actividades de <i>speaking</i>: producións orais mediante vídeos curtos ou gravacións de voz.</li> <li>- Actividades intercurriculares (<i>cross-curricular activities</i>): tradicións e aspectos culturais.</li> <li>- Reading club: lectura de libros en inglés, adaptados ao nivel dos alumnos/as (MacMillan Children's Readers: "New York" – "Sports").</li> <li>- Actividades de pronunciación a través de vídeos (<i>pronunciation activities</i>).</li> </ul> <p>Estas actividades estarán baseadas en contidos previamente traballados na aula, como método de repaso, reforzo e ampliación dos mesmos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Vocabulario básico</u>: deportes e actividades de tempo de lecer; vestimenta; materiais, lugares, persoal, asignaturas e normas da escola; descrición física e psicolóxica dun mesmo e doutras persoas; o verán; número ordinais ata o 1.000 e cardinais ata o 31º; días da semana, meses e estacións; a data; o tempo atmosférico; partes do día; gustos e preferencias; a hora; animais; cores; comida; festividades e celebracións (Easter, Book Day).</li> <li>- <u>Gramática e estruturas básicas</u>: pronomes persoais suxeito, verbo TO BE, verbo TO HAVE GOT, presente continuo, verbo CAN, THERE IS-ARE, conectores básicos (and, or, but, then, later, after that, finally, first, besides, however).</li> </ul> <p>A comunicación coas familias de alumnos con dificultades, tratará de ser fluída e daránselles instrucións personalizadas para o desenvolvemento das actividades e traballo individual dos alumnos que o requiran. Modificaranse actividades en forma e contido no caso de ser necesario para aqueles alumnos que teñen adaptacións curriculares ou precisan reforzo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Proporanse unha gran variedade de actividades interactivas, lúdicas e online para aqueles alumnos con conectividade á rede (no caso de 5º de Primaria, dispoñen todos de ordenador Abalar na casa e conexión a Internet). Tratarase de poñer a linguaxe en contexto para obter unha aprendizaxe significativa, priorizando a aprendizaxe competencial sobre os contidos .</p> <p>No caso de que nalgún momento algún alumno quede sen</p>

	conectividade, adaptaráselle o traballo ás súas circunstancias.
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Para o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ordenador Abalar, tablet ou smart phone para acceder á rede: plataforma e-Dixgal, blogue de aula, vídeos na rede, páxinas web didácticas, páxina web do colexio, fichas online interactivas, foros, videoconferencias, ...</li> <li>- Libro de lectura: “Sports” - MacMillan Childen’s Readers (previamente adquirido polos rapaces).</li> <li>- Caderno e papel para algunhas producións escritas.</li> <li>- Teléfono móbil para gravar as producións orais dos rapaces ou enviar fotografías dos traballos realizados.</li> <li>- Correo electrónico</li> </ul> <p>Ao alumnado que non ten acceso a estos materiais, enviarase unha planificación individual e diferente . O concello encargase de achegar este material fotocopiado.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Blogue de aula: <a href="https://rosenglish.blogspot.com">https://rosenglish.blogspot.com</a></li> <li>- Axenda e-Dixgal</li> <li>- Sistema de mensaxería Abalar</li> <li>- Correo electrónico persoal: <a href="mailto:rosafersa@gmail.com">rosafersa@gmail.com</a></li> <li>- Mensaxería telefónica en casos especiais que o requiran</li> <li>- Videoconferencias polo servizo ofrecido pola Consellería de Educación “Cisco Webex Meetings”</li> <li>- Comunicación e coordinación cos titores de nivel</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Páxina web do centro</li> <li>- Blogue de aula</li> </ul>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
**CURSO:** 6º de Educación Primaria  
**MATERIA:** Matemáticas  
**DATA:** 12/05/2020

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.  Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	Descompón de forma aditiva e de forma aditivo multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.  Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.  Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.  Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

<p>resolución de problemas e en situacións cotiás.</p>	<p>Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. Calcula o mcm e o mcd.</p>
<p>Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>
<p>Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>Calcula cadrados e potencias de base 10.</p>
<p>Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas)</p>	<p>Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>
<p>Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>Utiliza os números negativos en contextos reais.</p>
<p>Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>



<p>Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p>
<p>Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p> <p>Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p>
<p>Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</p>
<p>Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.</p>	<p>Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.</p>
<p>Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.</p>	<p>Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</p>
<p>Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.</p>	<p>Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.</p> <p>Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conexións e construír e defender argumentos.</p>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades interactivas no espazo EVA.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado diariamente na súa casa.</p> <p>Revisión das tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Autoavaliación: exercicios de Netex.</p> <p>Corrección y control mediante videoconferencia.</p> <p>Programas realizados na plataforma mBloc.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Partirase sempre da nota da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente, o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Nesta avaliación as actividades estiveron dirixidas a repasar os distintos contidos dos temas do primeiro e segundo trimestre: Os números naturais. Divisibilidade. Potencias. Números enteiros. Números decimais. Fraccións. Operacións con fraccións.</p> <p>Neste senso, a proposta incorporou actividades relacionadas con: resolución de problemas, cálculo, estimación e comparación.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>O alumnado de 6º ten conexión a Internet, agás unha excepción á que lle chega o material a través do servizo de reparto de fotocopias que ofrece o Concello de xeito periódico.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Axenda de aula, recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo dos pais, plataforma Abalar Móbil, teléfono, retroalimentación das tarefas.</p> <p>Foros, retroalimentación das tarefas, plataforma mBlock.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Publicar na materia "Matemáticas" da plataforma Edixgal, a que todos os alumnos teñen acceso.</p> <p>Publicar na materia "Robótica" da plataforma Edixgal, á que todos os alumnos/as teñen acceso.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA CASTELA E LITERATURA  
DATA: 12/05/2020

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación, dirixidas e espontáneas, respectando as normas de comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos demais.	Emprega a lingua oral con distintas finalidades (académica, social e lúdica) e como forma de comunicación e expresión persoal (sentimentos, emocións...) en distintos ámbitos.
Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.	Participa activamente na conversa contestando preguntas e facendo comentarios relacionados co tema da conversa.
Utilizar as Tic de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía e a presentación.	Escribe textos usando o rexistro axeitado, organizando as ideas con claridade, respectando as normas ortográficas e gramaticais.
Producir a partir de modelos textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade.	Escribe diferentes tipos de textos seguindo modelos encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escrita.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Amosa comprensión con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura de lingua, a gramática, o vocabulario ( formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Coñece a estrutura do dicionario e úsao para buscar o significado de calquera palabra, seleccionando a acepción correcta segundo o contexto.  Coñece as normas ortográficas e aplícaas nas súas producións escritas.

Aprecia o valor dos textos literarios e utiliza a lectura como fonte de goce e información e considéraa como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal.

Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos e poéticos.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades interactivas no espazo EVA-EDIXGAL.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado diariamente na súa casa.</p> <p>Revisión de tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Autoavaliación nos distintos exercicios de Netex e Aula Planeta.</p> <p>Actividades dixitais en formato Moodle.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Partirase da cualificación da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente, o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Lectura comprensiva de textos adaptados ao nivel. Vocabulario (familias léxicas, campo semántico...), gramática (nomes, adxectivos, formación de palabras, prefixos, sufixos, tempos verbais...), ortografía básica, regras de acentuación, elaboración de textos propios, procura de información relacionada cun tema concreto, linguaxe literaria, visionado de curtametraxes como base para proposta de actividades diversas.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>O alumnado de 6º ten conexión a Internet, agás unha excepción á que lle chega o material a través do servizo de reparto de fotocopias que ofrece o Concello de xeito periódico.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Axenda de aula, vídeos de rede, textos e recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo dos pais, plataforma Abalar Móbil, teléfono, retroalimentación das tarefas.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Publicación na materia “Lingua Castelá e Literatura” da plataforma Edixgal, á que todos os alumnos teñen acceso.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019-2020**

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN. A CORUÑA**

**CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**DATA: 12.05.2020**



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de Internet, identifica o tema e elabora un resumo.  Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación
Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa adecuadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.  Segue unha exposición da clase e extrae, de maneira global, as ideas máis destacadas.
Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.  Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.  Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.
. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.  Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.  Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir,	Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos)

<p>explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p>	<p>segundo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p> <p>Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.</p>
<p>Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.</p>	<p>Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.</p> <p>Escribe textos sinxelos de carácter creativo.</p>
<p>Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.</p>	<p>Busca e selecciona a información en diferentes fontes e soportes dixitais.</p> <p>Emprega procesadores de textos con certa autonomía.</p> <p>Utiliza, habitualmente, correctores de textos.</p> <p>Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.</p>
<p>Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<p>Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre párrafos, interliñado... en calquera soporte.</p> <p>Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>
<p>Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>	<p>Usa adecuadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.</p> <p>Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.</p> <p>Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>
<p>Coñecer, de forma xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de</p>	<p>Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.</p>

Europa.	Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.	Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades interactivas no espazo EVA-EDIXGAL.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado diariamente na súa casa.</p> <p>Revisión de tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Autoavaliación nos distintos exercicios de Netx e Aula Planeta.</p> <p>Actividades dixitais en formato Moodle.</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	Partirase da cualificación da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente (se se dese o caso dalgunha variación) o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3.º TRIMESTRE	
ACTIVIDADES	<p>Lectura comprensiva de textos adaptados ao nivel.</p> <p>Vocabulario (familias léxicas, campo semántico, formación de palabras).</p> <p>Gramática (clases de palabras)</p> <p>Ortografía básica.</p> <p>Elaboración de textos propios.</p> <p>Procura de información.</p> <p>Reflexión sobre a linguaxe e a súa análise a nivel morfolóxico</p>
METODOLOXÍA (ALUMNADO CON E SEN CONECTIVIDADE )	<p>O alumnado de 6.º ten conexión a Internet, agás unha excepción á que lle chega o material a través do servizo de reparto de fotocopias que ofrece o Concello.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>Axenda de aula, vídeos de rede, textos e recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo electrónico, plataforma Abalar Móbil, teléfono, retroalimentación de tarefas.</p>

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Publicación na materia “Lingua Galega e Literatura” da plataforma Edixgal, á que todos os alumnos teñen acceso.</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do Centro.</p>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**  
**CURSO: 6º de Educación Primaria**  
**MATERIA: CIENCIAS NATURAIS**  
**DATA: 12/05/2020**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	Identifica e describe a estruturados seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigación e presentar informes en diferentes soportes.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigación formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.  Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Utiliza guías na identificación de animais e plantas.
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais	Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

<p>Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.</p>	<p>Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.</p> <p>Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.</p>
--	---

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Actividades interactivas no espazo EVA. Tarefas diversas realizadas polo alumnado na súa casa. Revisión das tarefas feitas polo alumnado.
	Instrumentos: Autoavaliación: exercicios de Netex. Corrección y control mediante videoconferencia. Entrega e idoneidade da tarefa nos formatos propostos.
<b>Cualificación final</b>	Partirase sempre da nota da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente, o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Estiveron relacionadas con proxectos de investigación, lectura de textos, visionado de vídeos.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	O alumnado de 6ºB posúe a plataforma eva-edixgal.
<b>Materiais e recursos</b>	Axenda de aula, recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo dos pais, plataforma Abalar Móbil, teléfono, retroalimentación das tarefas.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Publicar na materia “Ciencias Naturais” da plataforma Edixgal, a que todos os alumnos teñen acceso. Ás familias, mensaxe vía abalar móbil. Tamén por correo electrónico ou teléfono.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**  
**CURSO: 6ºB de Educación Primaria**  
**MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS**  
**DATA: 12/05/2020**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Descibir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan.
Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.
Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

<p>Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.</p>	<p>Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.</p>
<p>Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.</p>	<p>Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.</p> <p>Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.</p>
<p>Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.</p>	<p>Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.</p>
<p>Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.</p>	<p>Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.</p>
<p>Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.</p>	<p>Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.</p>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades interactivas no espazo EVA.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na súa casa.</p> <p>Revisión das tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Autoavaliación: exercicios de Netex.</p> <p>Corrección y control mediante videoconferencia.</p> <p>Entrega e idoneidade da tarefa nos formatos propostos.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Partirase sempre da nota da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente, o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Estiveron relacionadas con propostas de investigación, lectura de textos, visionado de vídeos, elaboración de eixes cronolóxicos.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>O alumnado de 6ºB posúe a plataforma eva-edixgal.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Axenda de aula, recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo dos pais, plataforma Abalar Móbil, teléfono, retroalimentación das tarefas.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Publicar na materia "Ciencias Sociais" da plataforma Edixgal, a que todos os alumnos teñen acceso.</p> <p>Ás familias, mensaxe vía abalar móbil. Tamén por correo electrónico ou teléfono.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019-2020**

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN. A CORUÑA**

**CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

**DATA: 12.05.2020**

1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	<p>.Expresa o que é un dilema moral.</p> <p>.Realiza xuízos morais.</p> <p>. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas</p> <p>.Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.</p>
Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	<p>.Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades</p> <p>.Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.</p> <p>.Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.</p>
Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.	<p>.Valora e respecta a libre expresión.</p> <p>Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.</p> <p>. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.</p> <p>.Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.</p>
. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de	.Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.

<p>autonomía e da Constitución española</p>	<p>.Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.</p> <p>.Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.</p>
<p>Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.</p>	<p>.Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.</p> <p>.Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.</p> <p>Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.</p> <p>.Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.</p>
<p>Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.</p>	<p>.Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.</p> <p>.Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital.</p>
<p>Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.</p>	<p>.Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.</p> <p>.Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.</p> <p>.Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades interactivas no espazo EVA-EDIXGAL.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na súa casa.</p> <p>Revisión de tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Autoavaliación nos distintos exercicios de Netx.</p> <p>Avaliación dos traballos elaborados e enviados a través da plataforma Edixgal.</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Partirase da cualificación da segunda avaliación e valorarase, sempre positivamente (se se dese o caso dalgunha variación) o traballo e a implicación do alumnado nestas tarefas.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3.º TRIMESTRE	
ACTIVIDADES	<p>Lectura comprensiva de textos adaptados ao nivel.</p> <p>Actividades de autoavaliación a través da plataforma Edixgal.</p>
METODOLOXÍA (ALUMNADO CON E SEN CONECTIVIDADE )	<p>O alumnado de 6.º ten conexión a Internet, agás unha excepción á que lle chega o material a través do servizo de reparto de fotocopias que ofrece o Concello.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>Axenda de aula, vídeos de rede, textos e recursos de creación propia, equipos informáticos ABALAR e de procedencia familiar, tablets, cadernos, videoconferencias, correo electrónico, plataforma Abalar Móbil,</p>



	teléfono, retroalimentación de tareas.
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
Información ao alumnado e ás familias	Publicación na materia “Valores sociais e cívicos” da plataforma Edixgal, á que todos os alumnos teñen acceso.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: PLÁSTICA  
DATA: 12/05/2020

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Coñecer e valorar a traxectoria artística dalgún pintor galego contemporáneo..	Coñece as obras máis representativas de pintores galegos próximos ao alumnado pola súa temática.
Representar de forma persoal unha obra elixida libremente dos pintores estudados.	Representa unha obra elixida dos pintores mencionados, empregando diferentes recursos e técnicas de expresión artística.
Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	Distingue e aplica as características da cor, as texturas e os diferentes materiais que están ao seu alcance para procurar o mellor resultado.
Utilizar recursos bibliográficos e de Internet para obter información que lle serva para organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar información.	Organiza e planea o seu propio proceso creativo documentándose a través das Tic e dos recursos bibliográficos que ten ao seu alcance.
Imaxinar, debuxar e elaborar carteis como recurso para expresar emocións.	Elabora carteis nos que expresa as súas emocións, recurrido a cor como elemento de expresión, efectividade, sensación, simbolismo e carácter.
Ilustrar relatos ou composicións poéticas como forma de expresión plástica.	Crea imaxes libremente partindo dun texto ou poema, desenvolvendo a imaxinación e a creatividade.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Actividades dirixidas desde o espazo EVA-EDIXGAL.</p> <p>Tarefas realizadas polo alumnado nas súas casas.</p> <p>Revisión das tarefas feitas polo alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Tarefas no espazo EVA-EDIXGAL, valéndose de fotografías ou escaneado dos traballos.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Partirase da cualificación da segunda avaliación e valorarase, dun xeito, positivo o esforzo e a implicación do alumnado na tarefa.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Debuxo libre, debuxo pautado tomando como modelo diferentes pintores, ilustracións de composicións propias, narracións ou poemas, transformación de obxectos de uso cotián (luvas, calcetíns...) en personaxes ou elementos imaxinarios.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>O alumnado ten conexión a Internet e ordenador Abalar, agás unha excepción que recibe as actividades a través do servizo de reparto de fotocopias facilitado polo Concello.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Cartolinas, cartóns, material de refugallo, botóns, la, folios de cores, goma eva, rotuladores, témperas, lapis de cores.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Axenda de aula, vídeos, ordenadores, tablets, videoconferencias, correo dos pais, teléfono.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

MATERIA : LINGUA ESTRANXEIRA- INGLÉS

CURSO : 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA

DEPARTAMENTO : INGLÉS

MESTRA ESPECIALISTA : Carmen Vázquez Casanova

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>	
<p>1.- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas, cun léxico de uso frecuente e conectados cos intereses e experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.</p> <p>2.,- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto.</p>	<p>1. Entende a información esencial dun texto oral breve articulado con claridade, no que se utilicen palabras e expresións sinxelas e habituais en presente e en pasado, xa traballadas na clase.</p> <p>2. Comprende instrucións moi básicas pronunciadas claramente, e segue indicacións sinxelas e breves.</p>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS DE TEXTOS ORAIS</b>	
<p>1. Interactuar en situacións sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but / Later) e usando adverbios de frecuencia, expresións de tempo ( Yesterday / Today..... ), cuantificadores, partes do día ( in the morning.....)</p>	<p>1. Establece contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, tomando a palabra con cortesía: saúda, despídese, dá as grazas, solicita axuda, ...</p> <p>2. Produce textos orais propios en presente e en pasado, sinxelos e breves, previamente preparados e ensaiados, sobre temas tratados na aula, cunha pronuncia e entoación comprensibles, usando os conectores básicos.</p>
<p>2.- Participar en situacións de comunicación que requiran un intercambio directo de información cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</p>	<p>3. Formula preguntas e responde para dar e obter información, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais.</p> <p>4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</p> <p>5. Manifesta interese e respecto polas opinións</p>
<p>3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.</p>	<p>6. Esfórzase por utilizar a lingua estranxeira como medio de comunicación na aula.</p> <p>7. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e como instrumento de aprendizax</p>



<p>5. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>8. Preocúpase por ter unha pronuncia comprensible, ritmo, entoación e acentuación adecuados, tanto na interacción oral como na lectura en voz alta: escoita atentamente, repite palabras e frases .</p>
<p><b>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b></p>	
<p>1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos, de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p>	<p>1. Entende o tema e a información esencial de textos escritos breves e sinxelos, que conteñen vocabulario e estruturas moi frecuentes, tratadas previamente na clase. 2. Comprende instrucións e indicacións breves relacionadas con situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos, receitas, listas da compra.....)</p>
<p>2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p>	<p>3. Utiliza estratexias que faciliten a comprensión de textos escritos sinxelos: deduce, infire, relaciona, clasifica, asocia, ... 4. Iníciase no uso do dicionario bilingüe. 5. Le contos, narracións ou outro material escrito seleccionado polo profesor ou libros de aula de forma autónoma.</p>
<p>3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</p>	<p>6. Distingue diferentes tipos de textos atendendo á súa estrutura: receitas de cociña, poemas, cartas, carteis publicitarios, invitacións, e-mails..... 7. Avisa de interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. 8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>
<p><b>BLOQUE 4 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b></p>	
<p>1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>1. Completa documentos básicos nos que se solicite información persoal. 2. Produce textos escritos sinxelos a partir de modelos, sobre temas traballados na aula, con frases simples nos dous presentes e en pasado, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos ou descricións de lugares, gustos ou afeccións, biografías sinxelas de personaxes famosos, descipcións das pasadas vacacións, viaxes, da vida pasada, proxectos de investigación.....</p>
<p>2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p>	<p>3. Elabora un borrador previo e revisa o texto ao final. 4. Utiliza elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, seguindo un modelo. 5. Fai uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.</p>

3. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	6. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información escrita.
4. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	7. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: pon títulos, subliña, evita riscos, inclinación de liñas, etc.  8. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.  9. Asocia grafía, pronuncia e significado a partir de modelos.  10. Coñece algunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>	
1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	1. Identifica costumes da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividadeas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
2. Amonar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	2. Amona interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
3. Amonar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas (repite, canta, interactúa coa mestra e cos compañeiros), respectando as ideas dos demais e contribuíndo ao traballo en grupo.
4. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas.	4. Participa en interaccións sociais breves: saúda, agradece, despídese, solicita axuda..., seguindo as normas de cortesía.
5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	5. Da información, formula preguntas e respostas en presente sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, aparencia física, nacionalidade, gustos e afeccións, rutina diaria.  6. Da información, formula preguntas e respostas en PASADO sobre aspectos persoais como nome, nacionalidade, profesión, lugar e data de nacemento, nacionalidade, aspectos diarios da vida.....
6. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer..., en tempo presente.	7. Expresa en presente as súas rutinas diarias básicas referidas a accións cotiás e de lecer, formula preguntas e ofrece respostas curtas.  8. Describe accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.	9. Describe en Presente e Pasado unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica

	<p>as diferenzas.</p> <p>10. Fai preguntas e respostas en Presente e Pasado sobre a existencia de algo.</p> <p>11. Expresa a cantidade: conta desde 1 a 10,000 e establece a orde ata o 100.</p>
8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.	12. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, vestimenta, gustos, afeccións... de si mesmo e doutra persoa, expresando as súas preferencias e habilidades.
9. Expresa e comprender indicacións e ordes.	13. Expresa e comprende as indicacións para realizar unha actividade, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	<p>14. Formula preguntas en presente e en pasado e ofrece respostas sobre o aspecto físico, gustos, afeccións, habilidades e preferencias, oficios, nacionalidades.....</p> <p>15. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</p>
11. Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), adverbios de frecuencia, adverbios de tempo, expresións de frecuencia..., pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.	16. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos: and – or – then – but, adverbios de frecuencia, adverbios de tempo, expresións de frecuencia...
11. Utilizar e contestar as principais Question Words : WH questions, How many, how much, How long, How....	17. . Utiliza e contesta axeitadamente as principais Question Words : WH questions, How many, how much, How long, How....
12. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	18. Usa adecuadamente as estruturas gramáticas básicas e os modelos de frases traballados na aula.
13. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	19. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
14. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	20. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente: cores, números cardinais ata o 10, 000 e ordinais ata o 100, preposicións, días da semana, meses e estacións do ano, roupa, materiais e asignaturas escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, deportes, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais, lugares da cidade, medios de transporte, comida, tempo atmosférico, acción en presente e pasado ( verbos regulares e irregulares), animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, festividades e tradicións, profesións, comidas saudables e compras, saúde, transportes, datas, partes e características do Reino Unido....

15. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividadeas...).

21. Valora as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, comparándoas entre si.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento regular da evolución do alumno: actitude ante a aprendizaxe, participación, dúbidas e dificultades atopadas.</li> <li>- Análise das producións orais e escritas: traballos realizados e enviados para a súa corrección, proxectos de fin de unidade, gravacións de audio e/ou vídeo.</li> <li>- <u>Autoavaliación</u>: actividades online interactivas que contan coa posibilidade de autoavaliarse.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lista de control: rexistro da participación e entrega das tarefas asignadas</li> <li>- Rúbricas: dos estándares de aprendizaxe esenciais</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Se o alumno/a tivo acceso á educación telemática na 3ª avaliación e participou de xeito activo: farase a media da 1ª e 2ª avaliacións, podendo subila ata un máximo de 1 punto.</li> <li>- Se o alumno/a tivo acceso á educación telemática na 3ª avaliación pero non participou de xeito regular e activo: farase a media da 1ª e 2ª avaliacións, redondeándoa do xeito habitual.</li> <li>- No caso de non ter participado por dificultades de acceso ou outros problemas de índole persoal: non se penalizará ao alumno, mantendo a nota da segunda avaliación, ao tratarse dunha avaliación continua.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Respectaranse os criterios de avaliación esenciais recollidos no apartado correspondente.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respectarase a cualificación da 2ª avaliación no caso de non ter superada a primeira e a segunda e non ter participado activamente na 3ª avaliación.</li> <li>- No caso de non ter superada as anteriores, pero ter participado de xeito activo na terceira, valorarase unha cualificación positiva na 3ª avaliación (esta decisión tomarase en conxunto cos titores/as).</li> <li>- Elaborarase unha estratexia de apoio e recuperación da materia para o vindeiro curso, no caso daqueles rapaces que promocionen coa materia suspensa.</li> </ul> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Utilizaranse os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación, tendo en conta as circunstancias e dificultades de cada alumno (acceso á rede, medios tecnolóxicos, axuda prestada pola familia, etc). Nunca se penalizará a ningún rapaz polas dificultades e falta de medios para levar a cabo de xeito satisfactorio este proceso de educación “ a distancia”.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades da editorial NETEX da plataforma e-Dixgal.</li> <li>- Actividades online interactivas: <i>grammar and vocabulary, listening, reading comprehension, writing.</i></li> <li>- Actividades de <i>listening</i>: escoita e comprensión de audios, vídeos, historias e cancións.</li> <li>- Actividades de <i>speaking</i>: producións orais mediante vídeos curtos ou gravacións de voz.</li> <li>- Actividades intercurriculares (<i>cross-curricular activities</i>): tradicións e aspectos culturais.</li> <li>- Actividades de pronunciación a través de vídeos (<i>pronunciation activities</i>).</li> </ul> <p>Estas actividades estarán baseadas en contidos previamente traballados na aula, como método de repaso, reforzo e ampliación dos mesmos.</p> <p>A comunicación coas familias de alumnos con dificultades, tratará de ser fluída e daránselles instrucións personalizadas para o desenvolvemento das actividades e traballo individual dos alumnos que o requiran. Modificaranse actividades en forma e contido no caso de ser necesario para aqueles alumnos que teñen adaptacións curriculares ou precisan reforzo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Proporanse unha gran variedade de actividades interactivas, lúdicas e online para aqueles alumnos con conectividade á rede. Poñendo por enriba a aprendizaxe competencial sobre os contidos. Tratarase de poñer a linguaxe en contexto para obter unha aprendizaxe significativa.</p> <p>Ao alumnado sen conectividade, adaptaráselle o traballo as súas circunstancias.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Precisarase un ordenador, tablet ou smart phone para acceder á rede: plataforma e-Dixgal, Youtube, páxinas web didácticas, páxina web do colexio, fichas online interactivas, ....</li> <li>- Caderno e papel para algunhas producións escritas.</li> <li>- Teléfono móbil para gravar as producións orais dos rapaces ou enviar fotografías dos traballos realizados.</li> </ul> <p>Ao alumnado que non ten acceso a estos materiais, enviarase unha planificación individual e diferente . O concello encargase de achegar este material fotocopiado.</p>

## 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Axenda e-Dixgal</li><li>- Sistema de mensaxería Abalar e E-Dixgal.</li><li>- Correo electrónico persoal: <a href="mailto:teachercarmen6@gmail.com">teachercarmen6@gmail.com</a></li><li>- Mensaxería telefónica en casos especiais que o requiran.</li><li>- Videoconferencias polo servizo ofrecido pola Consellería de Educación "Cisco Webex Meetings".</li><li>- Comunicación e coordinación cos titores de nivel para obter información das familias do alumnado.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Páxina web do centro</li><li>- Envío das tarefas mediante os servizos do concello para aquelas familias que o soliciten.</li></ul>

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019 – 2020**

**CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN**

**CURSO: SEXTO EDUCACIÓN PRIMARIA**

**MATERIA: RELIXIÓN**

**PROFESORAS: MARÍA JOSÉ LAGO PETISCO**

**HILDA RAMOS VÁZQUEZ**



# SEXTO CURSO

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

### **Criterios de avaliación:**

- Recoñecer palabras, feitos e accións relacionados coa vida de Xesús.
- Coñecer diferentes personaxes relacionados con Xesús.
- Identificar acontecementos ou feitos relacionados coa Palabra de Deus.
- Recoñecer os principais acontecementos das festas cristiás máis importantes.

### **Estándares de aprendizaxe:**

- Busca e explica palabras, feitos e accións relacionadas coa vida de Xesús.
- Identifica diferentes personaxes relacionados con Xesús.
- Confecciona materiais asociando diversos textos a imaxes sobre diferentes acontecementos ou feitos relacionados coa Palabra de Deus.
- Identifica e valora as festas cristiás máis importantes.

## **2. Avaliación e cualificación.**

### **Avaliación**

Procedementos: Observación, probas escritas e traballos individuais.

Instrumentos: Cuestionarios, análise das produccions do alumnado, pequenos traballos de investigación.

### **Cualificación final**

*Indicar o procedemento para obter a cualificación final do curso.*

Partirase das notas da primeira e segunda avaliación. Valorarase sempre positivamente o traballo e a implicación do alumnado nas tarefas.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).**

#### **Actividades**

Serán fundamentalmente de repaso, consolidación e reforzo, intentando potenciar a creatividade e orixinalidade dos nenos.

- A vida de Xeús
- Personaxes relacionados con Xesús
- A Palabra de Deus
- As festas cristiás

#### **Metodoloxía (alumno con conectividade e sen conectividade)**

Utilización da páxina web do colexio para colgar as tarefas. Comunicación a través das videoconferencias, do correo electrónico e tamén dos titores.

#### **Materiais e recursos**

Traballos e fichas, en moitas ocasións, de elaboración propia por parte das profesoras de relixión.

Dispositivos electrónicos (ordenadores, tablets, teléfono)

## **4. Información e publicidade.**

### **Información ao alumnado e ás familias.**

Información a través da páxina web do colexio, correo electrónico, videoconferencias e comunicación a través dos titores.

### **Publicidade**

Publicación na páxina web do colexio.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 6º  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DATA: 5 DE MAIO DE 2020

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> <li>• Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</li> <li>• Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</li> <li>• Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.</li> <li>• Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Os traballos do alumnado durante este trimestre serán recollidos a través das tarefas da plataforma EVA-EDIXGAL, polo correo electrónico ou incluso por mensaxería.
	Instrumentos: Cuestionarios, videos e fotografías das actividades do alumnado na casa, actividades interactivas on line de autocorrección e actividades de autoavaliación on line.
<b>Cualificación final</b>	Farase a media da primeira e segunda avaliación. A nota da terceira avaliación servirá para mellorar dita nota media nun 10%, ou para recuperar as avaliacións pendentes, en ningún caso prexudicará ao alumno ou alumna.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Faranse actividades de repaso, recuperación, reforzo e de ampliación.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Empregarase unha metodoloxía activa mediante: Distribución de tarefas diversas e motivadoras, a procura de información, uso de xogos e vídeos educativos na web do colexio, esquematización de información etc. As explicacións mandaranse escritas a través da páxina web do colexio ou a través da plataforma EVA-EDIXGAL. Resolveranse as dúbidas a través dos correos electrónicos, da mensaxería e incluso telefonicamente. Toda a metodoloxía utilizada no 3º trimestre levará ao alumnado a unha mellora moi considerable da competencia dixital.
<b>Materiais e recursos</b>	Libro virtual do alumno EDIXGAL, páxinas web educativas.

#### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado e as súas familias estarán informadas a través das mensaxes de EDIXGAL, polo correo electrónico e por abalar. Tamén se chamará por teléfono as familias pno caso e ser necesario, sobre todo a aqueles alumnos e alumnas que máis o necesiten.
<b>Publicidade</b>	Publicarase o traballo na páxina web e na plataforma EDIXGAL.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 6º EP  
MATERIA: MÚSICA  
DATA: 11/5/2020

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	<i>Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. Utiliza a linguaxe musical na práctica vocal e instrumental e na escoita activa. Expressa as súas apreciacións sobre o feito artístico musical.</i>
Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características dos mesmos.	<i>Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un que xa existe.</i>
Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo.	<i>Inventa e reproduce coreografías.</i>
Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	<i>Selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. Expón a mesma de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.</i>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Espazo EVA. Uso do espazo virtual que nos permite usar recursos e crear actividades, comunicarnos cos alumnos e enviarlles comentarios desde un mesmo lugar.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Actividades realizadas no espazo EVA.</p> <p>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria no seu domicilio.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Todo o traballo que realice o alumnado durante o período de suspensión das clases presenciais é avaliado e susceptible de sumarse ao xa avaliado con anterioridade ao comezo deste período extraordinario.</p> <p>Respectarase a cualificación da 2a avaliación no caso de non ter superada esta e non ter participado activamente na 3a avaliación.</p> <p>No caso de non ter superada a segunda avaliación , pero ter participado de xeito activo na terceira, valorarase unha cualificación positiva na 3a avaliación (esta decisión tomarase en conxunto cos profesor@s do nivel)</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Repaso da práctica vocal a través dos exercicios propostos de karaoke, coidando a respiración, emisión e articulación do son.</p> <p>Escoita de cancións para emocionar traballadas durante os dous primeiros trimestres. Práctica vocal seguindo os vídeos en rede, ten que ser individual e non coral.</p> <p>Creación dunha sinxela coreografía.</p> <p>Exercicio da práctica instrumental (percusión corporal, obra aprendida,</p>

	<p>partitura...) coa frauta ou calquera outro instrumento.          Elaboración dun instrumento musical con materiais de refugallo.          Presentación dun tema de interese artístico seguindo as pautas propostas polo mestre e incorporando as propias iniciativas. Investigación e uso das TIC</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p>O alumnado de 5º e 6º, na maioría dos casos, está a utilizar o ordenador Abalar e internet nas súas casas, tamén outros ordenadores particulares, tablets ou teléfonos. As videoconferencias de titoría serven para resolver dúbidas nas tarefas propostas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p><u>Axenda de aula, vídeos de propia creación, vídeos da rede, arquivos pdf Ordenadores Abalar, Videoconferencias. Email.</u></p>

4. Información e publicidade	
<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p>Publicar na materia "Ed. Musica" da plataforma Edixgal, a que todos os alumnos poden acceder.</p>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicación na páxina web do centro. Os alumnos son remitidos á plataforma Edixgal</p>

--	--

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
CURSO: 6º PRIMARIA  
MATERIA: OBRADOIRO DE DANZA  
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
2. Avaliación e cualificación
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<b>BLOQUE 1. ELEMENTOS MOTRICES: RITMO E MOVEMENTO</b>	
1.1. Reproducir corporalmente estruturas rítmicas sinxelas.	1.1. Adecúa o movemento a ritmos sinxelos.
1.2. Recoñecer distintos tipos de ritmos.	1.2. Coñece e controla nocións rítmicas: cadencia e velocidade.
1.3. Manter unha correcta postura corporal e coordinar as diferentes partes do corpo: cabeza, pés, ...	1.3. Mantén unha correcta postura corporal, controlando movementos innecesarios.
1.4. Coñecer os recursos técnicos do propio corpo, coordinándoos.	1.4. Coñece o propio corpo, a lateralidade e as súas habilidades motrices, coordinando todas as partes(cabeza, brazos, pernas e pés).
1.5. Asimilar os puntos básicos de cada danza e comprender e utilizar o seu vocabulario específico.	1.5. Aprende e executa os pasos básicos dunha danza, comprendendo e usando o seu vocabulario específico e axustando a respiración.
1.6. Combinar e memorizar pasos e figuras básicas para aprender e executar unha danza.	1.6. Aprende e executa diferentes pasos e figuras, combinándoos e memorizándoos na orde correcta, e axustando a redpiración.
1.7. Moverse con liberdade adaptándose ao espazo e dominando o sentido e a lateralidade.	1.7. Móvese con seguridade e liberdade polo espazo, seguindo unhas pautas dadas, mantendo filas e distancias.
1.8. Coordinar os pasos con distintos recursos sonoros para marcar o ritmo: palmas, paos, pandeiretas, cunchas, zocos, castañolas, ...	1.8. Marca o ritmo dunha danza con distintos recursos sonoros, coordinándoos cos pasos que vai executando: palmas, paos, pandeiretas, cunchas, zocos, castañolas, ...
<b>BLOQUE 2. ELEMENTOS ACTITUDINAIS: COMUNICACIÓN, EXPRESIÓN E INTERPRETACIÓN</b>	
2.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo (xesto, mirada, postura) para comunicar ideas, sentimentos e emocións.	2.1. Valora a danza como medio de comunicación e expresión, utilizando os recursos expresivos do corpo (xesto, mirada, postura) e o seu movemento para transmitir sensacións, estados de ánimo...
2.2. Participar activamente e con entusiasmo nas actividades presentadas, disfrutando e liberando tensións.	2.2. Participa activamente nas actividades presentadas e disfruta na execución do baile.



2.3. Combinar pasos e figuras, coa idea de inventar e/ou crear unha coreografía nova.	2.3. Inventa pasos e figuras, usando como base os xa aprendidos, combinándoos para crear novas coreografías.
2.4. Amosar afán de superación para intentar mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias.	2.4. Amosa interese por mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, esforzándose por superarse.
2.5. Recoñecer a importancia da concentración previa á interpretación dunha danza como punto de partida para unha correcta execución.	2.5. Valora e recoñece a importancia da concentración previa á interpretación dunha danza como punto de partida para unha correcta execución, especialmente nunha actuación.
<b>BLOQUE 3. DANZA E HÁBITOS SAUDABLES</b>	
3.1. Coñecer e valorar as repercusións que a práctica da danza e o baile teñen sobre as condicións de saúde e calidade de vida, e na autonomía persoal.	3.1. Valora a importancia do exercicio físico en xeral e da danza en particular como parte indispensable dun estilo de vida saudable.
3.2. Recoñece a importancia de usar a roupa e calzado axeitado para a actividade.	3.2. Usa a roupa e o calzado axeitado para a danza.
3.3. Manter hábitos de hixiene correctos: asearse ao final da sesión.	3.3. Asíase ao rematar a sesión.
3.4. Recoñece a importancia de seguir unha alimentación saudable, evitando a bolaría industrial.	3.4. Segue unha alimentación saudable, evitando a bolaría industrial.
3.5. Organizar o tempo de lecer de xeito responsable, favorecendo as actividades que impliquen movemento e evitando no posible o abuso de videoxogos, tabletas, ....	3.5. Organiza de xeito responsable o seu tempo de lecer, participando en actividades que implican movemento e reducindo as sedentarias, así como o abuso de videoxogos, tabletas, ...
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA DANZA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>	
4.1. Valorar a importancia da danza como transmisora do patrimonio cultural dos pobos.	4.1. Valora o baile como elemento da bagaxe cultural das sociedades.
4.2. Amosar interese por coñecer e aprender danzas e xogos de orixes e culturas diversas, respectándoos e apreciándoos.	4.2. Coñece, respecta e disfruta das diversas manifestacións artísticas e do patrimonio cultural, apreciando o seu valor de transmisor das raíces dun pobo.

4.3.- Coñecer e utilizar o vocabulario específico dos pasos, puntos e figuras de cada danza, de xeito que se poidan seguir as directrices dunha coreografía dada.	4.3.- Comprende e utiliza o vocabulario específico dos pasos, puntos e figuras de cada danza, para poder executala seguindo as pautas dunha coreografía dada.
4.4. Apreciar a relación da danza con outras manifestacións artísticas (pintura, literatura, ...).	4.4. Amona interese por coñecer a relación da danza con outras manifestacións artísticas: pintura, escultura, literatura, ...
4.5. Recoñecer o baile e a danza como patrimonio inmaterial da humanidade.	4.5.- Recoñece o baile e a danza como patrimonio inmaterial da humanidade e como medio transmisor dos elementos culturais dos pobos.
<b>BLOQUE 5. DANZA E TECNOLOXÍAS</b>	
5.1. Coñecer as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías para a aprendizaxe das danzas.	5.1. É consciente das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dentro da aprendizaxe das danzas.
5.2. Usar fontes e procedementos apropiados para coñecer e indagar sobre as distintas danzas, a súa orixe e localización, o seu valor cultural, ...	5.2. Utiliza o blogue de aula e diversas páxinas web para investigar a orixe e localización das distintas danzas, o seu valor cultural, ...

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Seguimento regular da evolución do alumno: actitude ante a aprendizaxe, participación, aseo persoal, vestimenta, dúbidas e dificultades atopadas, comentarios no blogue de aula.</li><li>- Análise das execucións: gravacións en vídeo das danzas aprendidas e posterior publicación no blogue de aula.</li></ul>
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Lista de control: rexistro da participación, actitude e nivel de execución das diferentes danzas</li><li>- Rúbricas: dos estándares de aprendizaxe esenciais</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Se o alumno/a tivo acceso á educación telemática na 3ª avaliación: farase a media da 1ª e 2ª avaliacións, redondeando a nota.</li><li>- No caso de non ter participado por dificultades de acceso ou outros problemas de índole persoal: non se penalizará ao alumno, mantendo a nota da segunda avaliación, ao tratarse dunha avaliación continua.</li></ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> <p>Respectaranse os criterios de avaliación esenciais recollidos no apartado correspondente.</p>
	<b>Criterios de cualificación:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Respectarase a cualificación da 2ª avaliación no caso de non ter superada algunha das avaliacións anteriores e non ter acceso á educación telemática na 3ª avaliación.</li><li>- No caso de non ter superada algunha das avaliacións anteriores, pero ter participado de xeito activo na terceira, valorarase unha cualificación positiva na 3ª avaliación (esta decisión tomarase en conxunto cos titores/as).</li></ul>
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> <p>Utilizaranse os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación, tendo en conta as circunstancias e dificultades de cada alumno (acceso á rede, medios tecnolóxicos, circunstancias familiares, ...).</p> <p>Nunca se penalizará a ningún rapaz polas dificultades e falta de medios para levar a cabo de xeito satisfactorio este proceso de educación “ a distancia”.</p>

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre  
(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<p align="center"><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Actividades de explicación</u> da danza a aprender en cada sesión: orixe, historia, elementos básicos.</li> <li>- <u>Actividades de potenciación</u> de hábitos de saúde, alimentación, hixiene e lecer.</li> <li>- <u>Actividades de preparación física para a danza</u>: exercicios queceamento, ritmo e equilibrio.</li> <li>- <u>Actividades de aprendizaxe dos pasos e figuras dunha danza</u>: con explicación gradual dos pasos dun baile en liña ou grupo, e posterior combinación dos mesmos seguindo unha coreografía.</li> <li>- <u>Actividades de estiramento e relaxación</u>: con exercicios rítmicos de estiramento e volta á calma, seguindo unha coreografía; recapitulación do aprendido.</li> </ul> <p>Estas actividades estarán baseadas en competencias previamente traballadas na aula, como método de repaso, reforzo e ampliación das mesmas.</p>
<p align="center"><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Utilizarase unha metodoloxía totalmente activa, dinámica e motivadora, centrada na participación activa dos alumnos/as en todo momento. Unha vez á semana, os alumnos/as consultarán o blogue de aula e seguirán as indicacións alí publicadas, tendo en conta que a clase de danza estará dividida nas seguintes partes: parte inicial ou de queceamento, parte principal ou de aprendizaxe dunha danza, parte final ou de volta á calma.</p> <p>Polas propias características da asignatura, resulta imposible adaptar o traballo para o alumnado sen conectividade, aínda que non resulta necesario, xa que todos contan con ela.</p>
<p align="center"><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Precisarase un ordenador, tablet ou smart phone para acceder á rede: axenda da plataforma e-Dixgal, blogue de aula, Youtube, páxina web do colexio.</li> <li>- Teléfono móbil para gravar os vídeos dos rapaces.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Blogue de aula: <a href="https://danzartepb.blogspot.com">https://danzartepb.blogspot.com</a></li><li>- Axenda e-Dixgal</li><li>- Sistema de mensaxería Abalar</li><li>- Correo electrónico persoal: <a href="mailto:rosafersa@gmail.com">rosafersa@gmail.com</a></li><li>- Mensaxería telefónica en casos especiais que o requiran</li><li>- Videoconferencias polo servizo ofrecido pola Consellería de Educación "Cisco Webex Meetings".</li><li>- Comunicación e coordinación cos titores de nivel para obter información das familias do alumnado.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Páxina web do centro</li><li>- Blogue de aula</li></ul>

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

O carácter globalizado desta etapa educativa e as características do noso alumnado fan moi complicado traballar con eles a distancia.

Ademais, non todo o noso alumnado ten as mesmas facilidades para conectarse xa que, incluso nos casos de familias que teñen conectividade e terminais para conectarse, existen bastantes casos de pais/nais ou incluso irmáns maiores que precisan ditos terminais para teletraballar ou recibir clases. Loxicamente, entendemos que os pequenos son os últimos na “lista de espera” para empregar, nalgúns casos, un só ordenador.

Pese a isto, todo o profesorado tentou contactar coas familias empregando diversos formatos:

- mensaxería por Abalar Mobil
- grupos de whatsapp
- páxina web do colexio ou blogges persoais
- videoconferencias por Cisco Webex

A través destes medios, facilitamos ás familias suxestións de actividades diversas que, na medida das súas posibilidades, poden facer cos pequenos. Entres outras, plantexamos manualidades, sesións de psicomotricidade, xogos, filosofía para nenos e incluso actividades vinculadas ós materiais empregados na escola, tanto documentos que poden descargar ou imprimir para que fagan traballo en papel, como enlaces e claves para poder acceder a materiais facilitados por algunhas editoriais.